



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE FEBREIRO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de UxC, don David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de febreiro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202402291000060000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2024, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2024 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:00:29 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 22 de xaneiro de 2024, á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2024 e á sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2024, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 22 de xaneiro de 2024, á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2024 e á sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2024, sendo aprobadas por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas a acta da sesión extraordinaria do día 22 de xaneiro de 2024, da sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2024 e da sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2024.

2. PARTE RESOLUTIVA

- MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:00:50 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:00:55 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:00:56 horas

- Moción dos grupos municipais de UxC e PSdeG-PSOE a prol da escola unitaria de Pravio

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción de UxC e PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 202400000001053 o día 23 de febreiro de 2024, relativa ao asunto epigrafiado, que é aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen dá lectura á moción que transcrita di:

“MOCIÓN A PROL DA ESCOLA UNITARIA DE PRAVIO

Os grupos municipais de Unión por Cambre e PSdeG-PSOE do Concello de Cambre, recollendo a petición da ANPA da Escola Unitaria de Pravio, formulan para o seu debate e aprobación, a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a ANPA da Escola Unitaria de Pravio queremos denunciar a situación de indefensión na que quedan os nosos fillos e filias pola baixada de ratios que se aplicará a partir do curso 2024/2025 ao non terse en conta a peculiaridade da nosa escola rural e unitaria.

Vemos a baixada de ratios como a medida máis positiva que se pode aplicar no ámbito educativo, pero os nosos fillos e fillas e a nosa escola encóntranse en risco de exclusión se non se aplica tendo en conta a nosa diversidade.

Por un lado, atopámonos coa imposibilidade de seguir coa elección libre sobre a educación dos nosos fillos e fillas que se encontra recollida no Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato regulada na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de maio, de educación.

Por outro lado, a escola unitaria vese condenada a desaparecer posto que, se só se contrata unha profesora por aula, tanto este ano como o seguinte, non poderían entrar novas matrículas no centro. Esta situación unida a que o centro adscrito é un centro fóra do rural e de moi grande tamaño, polo que non cubre todas as necesidades de diversidade familiar que contempla esta escola unitaria e rural, orixinaría a desaparición da escola.

Debido a estas razóns fundamentais, vemos que o desenvolvemento da normativa de aplicación da Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto do Acordo entre esta Consellería e as organizacións sindicais CC.OO, ANPE, UXT-SP Ensino, sobre medidas que melloren o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non tivo en conta as peculiaridades da nosa escola e das escolas como a nosa, rural e unitaria.

A situación que se nos presenta ás familias a un mes de solicitar centro educativo no que cursarán os nosos fillos e fillas os seus estudos obrigatorios é a seguinte:

As familias que o próximo curso temos que incorporamos á etapa de Primaria, e polo tanto, cambiar de centro, vemos que a oferta de prazas nos centros escolares do concello reduciuse enormemente, sobre todo naqueles centros cunha liña pedagóxica e características similares ás da Unitaria de Pravio: CEIP Emilio González López e CEIP Gonzalo Torrente

Ballester.

A nosa única opción redúcese ao centro adscrito, o CEIP Wenceslao Fernández Flórez, que se ben oferta prazas suficientes, ten unha liña pedagóxica e características que non son as que esperan as familias que optan por unha educación das escolas rurais. Ademais non conta con prazas necesarias nos servizos complementarios onde hai lista de espera facendo imposible a conciliación das familias. Os nosos fillos e fillas pasarían dun centro de 19 alumnos a outro de máis de 400.

Estamos convencidos de que se nos penaliza por apostar pola escola unitaria. Unha unitaria cumpre con todos os requisitos que debería ter a escola do futuro, na que se encontran totalmente integradas todas as persoas que formamos o sistema educativo e a comunidade de veciños da zona. Hai dous anos, fomos precursores formando unha escola de pais e nais na que traballamos todos os membros do sistema educativo para o noso patio. Na inauguración do mesmo, contamos con presenza da inspección de educación así como con representantes do Concello que están dispostos a apoiar a nosa escola.

Esta situación non é puntual, repetirase e incluso empeorará nos próximos cursos e pode levar consigo o peche da Escola Unitaria ao non haber unha opción de continuidade pedagóxica.

Loxicamente apoiamos a baixada de ratios como requisito imprescindible para unha educación de calidade, pero a nova normativa non tivo en conta as escolas rurais nin aos alumnos e alumnas que se incorporan por primeira vez á escola obrigatoria.

A día de hoxe hai 7 alumnos/alumnas que saen da escola unitaria para matricularse en 1º de Educación Primaria, as prazas ofertadas son as seguintes:

- CEIP Emilio González López oferta 4 prazas e a demanda das unitarias de arredores (EEI de San Bartolomeu e CEIP de Tabeaio) será como mínimo de 7 prazas.
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester ofertaría unha praza.
- CEIP Juana de Vega de Nós non ofertaría ningunha

Esta situación non é única da EEI de San Bartolomeu, senón que ocorre ao longo de toda a provincia naqueles centros pequenos e rurais como poden ser as escolas da zona da Costa da Morte e diferentes CRAS.

O mércores 21 de febreiro inspección informou á escola unitaria de Pravio que se manterán as 20 prazas para o curso 2024-2025 e ao día seguinte, 22 de febreiro, informou que se reducían a 18.

Por todo o anterior, solicitamos á Xunta de Galicia:

1. A adscrición da Unitaria de Pravio aos Centros Educativos de Educación primaria do Concello de Cambre que son próximos á Unitaria: CEIP Emilio González López (4km) e CEIP Gonzalo Torrente Ballester (4,9km), asemade o CEIP Juana de Vega de Nós pertencente ao Concello de Oleiros que se atopa a 4km da Escola Unitaria de San Bartolomeu de Pravio ou, de non ser posible, a modificación da adscrición a un deles, posto que a Escola Unitaria atópase nun punto intermedio da zona de influencia. Esta situación non sería nova debido a que o CPI de Miño ten varios centros adscritos de Betanzos e Pontedeume.
2. Contrátese a dúas/dous profesoras/profesores na aula para poder garantir a supervivencia da escola, mantendo as 20 prazas. Hai que ter en conta que a pesar de ser unha Escola Rural e Unitaria, os últimos anos tívose que baremar. Polo que é unha liña pedagóxica con alta demanda e que dá valor ao noso sistema educativo."

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a concelleira de UxC, Sra. Pan Lesta, e o Sr. alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC e PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 20240000001053 o día 23 de febreiro de 2024, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción a prol da escola unitaria de Pravio, anteriormente transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:22:58 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 192/2024, do 19 de febreiro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura efectuada a prol do sétimo tenente de alcalde, don David López Saborido do día 21 de febreiro ao 1 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:23:51 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 168 resolucións numeradas da 46 á 213 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
46/2024	22-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xaneiro de 2024
47/2024	23-01-2024	Acordo de inicio de expediente sancionador por presunta infracción á normativa de tráfico. Infractor: C.S.B.
48/2024	23-01-2024	Concesión a H.J.A.C. dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
49/2024	23-01-2024	Concesión a M.L.J.P.O. dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
50/2024	23-01-2024	Denegación de axuda de emerxencia social a P.G.L. por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 22.1 da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción sociofamiliar para persoas que participen no programa de intervención familiar.
51/2024	23-01-2024	Concesión a M.C.R.R. a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
52/2024	23-01-2024	Aprobación da realización da actividade "Obradoiros e Xogos no Entroido 2024" e as súas condicións de desenvolvemento
53/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2023/1004/000029, incoado a C.H.,S.L para que procedese ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopaba a edificación sita en Amil, posto que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
54/2024	24-01-2024	Suspender inmediatamente os actos de construción que está a realizar a entidade A.T.E., SLU, na parcela situada en Seoane, Anceis, consistentes na construción dunha nova infraestrutura de estación base de telecomunicacións con comunicación previa de obras nº 2023/U027/000004 ao terse detectado que o contido da documentación que se acompaña á dita comunicación non se axusta á normativa de aplicación Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística á entidade. Conceder audiencia ao interesado polo prazo de quince días.
55/2024	24-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a D.G.G., pola realización de fiestras e furados, así como unha baixante de recollida de augas pluviais da cuberta que son vertidas ao terreo lindeiro, na contrución sita en Caneiro, Cambre, sen o preceptivo título habilitante. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de 15 días.
56/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2022/1004/000037 incoado a C.H., S.L, para a corrección do deficiente estado de seguridade e salubridade no que se atopaba o inmovible sito en Amil, habida conta de que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
57/2024	24-01-2024	Asignar o número 7-A, á vivenda situada no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente.
58/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2022/1004/000043 incoado a A.,S.A. para a corrección do deficiente estado de conservación no que se atopaba o inmovible sito en Amil, habida conta de que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
59/2024	24-01-2024	Desestimar as alegacións presentadas por O.C.G. e M.P.V.M.. xa que non desvirtúan os feitos denunciados e requiririlles para que no prazo de 3 meses regularicen as obras obxecto de denuncia, consistentes na nivelación do terreo na parte traseira da súa vivenda, na parcela sita en Eira de Arriba, Cambre.
60/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2023/1004/000028, incoado a A.,S.A. para que procedese ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopaba a edificación sita en Amil, posto que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
61/2024	24-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a J.B.F. e aos herdeiros de M.E.C.S., pola substitución da cuberta do cerramento de carpintería



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		metálica da vivenda e da construción auxiliar, sitas en Lema, Brexo, sen título habilitante. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de 15 días.
62/2024	25-01-2024	Autorización de emisión de certificado electrónico de representante do Concello de Cambre a nome da tesoureira municipal, para os únicos efectos de que sexa empregado no desenvolvemento das súas obrigas, isto dentro das funcións delimitadas que lle atribúe o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
63/2024	25-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura do día 30 de xaneiro de 2024
64/2024	25-01-2024	Comparecencia no procedemento abreviado número 248/2023 seguido ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, encomendando a defensa e representación do concello ao letrado de D. Secundino García Uzal , colexiado núm. 1166 do Ilustre Colexio de Abogados de A Coruña e achegándolle copia do expediente. Notificar a Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., a presente resolución, emprazándoa para que poida comparecer como parte demandada. Remitir o expediente administrativo referido ao Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña. Motivo: Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados nun vehículo, o día 29 de maio de 2020
65/2024	25-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica do día 30 de xaneiro de 2024
66/2024	25-01-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 30 de xaneiro de 2024
67/2024	25-01-2024	Comparecer no procedemento abreviado número 215/2023 ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, encomendando a defensa e representación do concello ao letrado de D. Secundino García Uzal , colexiado núm. 1166 do Ilustre Colexio de Abogados de A Coruña e achegándolle copia do expediente. Notificar a Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., a presente resolución, emprazándoa para que poida comparecer como parte demandada. Remitir o expediente administrativo referido ao Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña. Motivo: Reclamación responsabilidade patrimonial por danos ocasionados nun vehículo
68/2024	26-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de xaneiro de 2024
69/2024	26-01-2024	Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención, de conformidade coa citada resolución e co orzamento total de 111.185,13 €, para contratar a catro mulleres vítimas de violencia de xénero, para a realización de traballos de auxiliar administrativa ou conserxería nos departamentos de Réxime interior, Desenvolvemento Local e Servizos Sociais
70/2024	29-01-2024	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 640,07 euros polo IVE do autoconsumo de auga do 2023, así coma o seu pagamento. Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento, por importe de 5.103,16 euros polo canon da auga ano 2023 das dependencias municipais
71/2024	29-01-2024	Aprobar a nómina do mes de xaneiro de 2024 cun total retribucións brutas 407.608,00 euros
72/2024	29-01-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		realizar sen autorización á canalización soterrada de augas pluviais existente na marxe do camiño público municipal provenientes da finca sita en Graduil, Cambre, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución a TVR e CVC para a corrección do vertido denunciado, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
73/2024	29-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a LMFL e MJVL, pola construción dun armazón metálico vertical e un cuberto, en Quintán, Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
74/2024	29-01-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: JLCT
75/2024	29-01-2024	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2023, no que constan 12.698 recibos por un importe de 716.724,35 euros
76/2024	29-01-2024	Conceder axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: BdeICMG
77/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JLND
78/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MPMNdeF
79/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6. xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: GNIZ
80/2024	30-01-2024	Iniciar expediente sancionador a MBG como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, consistente en ouriñar na fachada posterior da Igrexa de Santa Maria de Cambre, declarada BIC (bien de interés cultural), tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, propoñéndose unha sanción de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.1 da citada norma
81/2024	30-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a ÁARP e MdelasMLF pola realización dunhas tubaxes procedentes do interior da parcela sita en Caneiro, Cambre, que atravesan o muro de peche e desembocan na parcela e no camiño público municipal, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
82/2024	30-01-2024	Ordenar aos herdeiros de MDSP e a MDGS que suspendan a utilización da cheminea instalada na edificación sita en Espiritu Santo, Cecebre, en tanto non subsanen as deficiencias existentes nela, xa que conta cunha altura inferior á establecida na norma UNE 123001, de cálculo, deseño e instalación de chemineas, sendo polo tanto susceptible de producir molestias na parcela colindante, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
83/2024	30-01-2024	Comparecer no procedemento contencioso administrativo nº PO-0004343/2023 perante a Sala 2ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada
84/2024	30-01-2024	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 268.417,93 euros a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do ano 2023
85/2024	30-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 2 de febreiro de 2024
86/2024	30-01-2024	Aprobar a ordenación e realización do pagamento da factura debendo detraerse, con carácter previo ao abono ao emisor, as contías embargadas pola Axencia Tributaria da Administración do Estado e a Seguridade social, notificadas ao concello de Cambre a NGS, S.L. por importe de 29.867,61
87/2024	30-01-2024	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na rúa Wenceslao Fernández Florez, parroquia de Cambre. Solicitante: SLM
88/2024	30-01-2024	Acceder ao solicitado e remitirle a RVP, en representación do Grupo Municipal Popular, copia dos documentos obrantes, a día de hoxe, nos expedientes que de seguido se relacionan:- Expediente "Cesión Centro Saúde Samosteiro-Cambre ao SERGAS"- Expediente de contratación dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación do postos de traballo do Concello de CAMBRE.- Expediente de contratación da póliza de seguros de responsabilidade civil do Concello de Cambre
89/2024	31-01-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de decembro de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por importe total 82.441,30 €
90/2024	31-01-2024	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao almacén de empresa de revestimentos de fachada situada na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: IR, SC
91/2024	01-02-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por JMRF, en representación de HPde P, S.L. contra a orde de suspensión de obras acordada por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 1 de setembro de 2023
92/2024	01-02-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a realizar ao camiño público inventariado procedente dun orificio do peche da finca sita en Piñeiro, Brexo, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995. do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución a RABG, para que corrixa o vertido denunciado, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
93/2024	01-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
94/2024	01-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
95/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MMCS e JGC, pola instalación dunha caseta prefabricada na finca sita en Pazos Andeiro, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
96/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a DGMB pola construción dunha canceira en Piñeiro, -Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
97/2024	01-02-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MdelCMP para a xestión da biomasa existente na finca sita en Mercurín, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
98/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a RFF e RFA pola realización de dous peches, un vexetal e outro metálico, na parcela sita en San Paio, Brexo, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
99/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a DGMB, pola construción dun peche (tramo A) sen adaptarse ao establecido na comunicación previa e outro peche (tramo B) en Piñeiro Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
100/2024	02-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de febreiro de 2024
101/2024	02-02-2024	Convocatoria da Xunta Local de Seguridade o día 20 de febreiro de 2024
102/2024	02-02-2024	Considerar desistida a MGV D da solicitude de prestación de axuda a domicilio formalizada por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
103/2024	02-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de mantemento xardín biblioteca de Cambre prestado pola empresa Jardinería Arce S.L.
104/2024	02-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de telefonía fixa, liñas adsl, liñas rsdi, acceso a internet, incidencias e avarías prestado pola empresa Telefónica de España S.A.U.
105/2024	02-02-2024	Considerar desistida a MPR de prestación de axuda a domicilio formalizada, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e acordar , polo tanto, o arquivo procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
106/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre prestado pola empresa Instelec S.L.
107/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio do tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de limpeza viaria pública prestado pola empresa Emprego Social S.L.
108/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de limpeza de edificios municipais prestado pola empresa Jardincelas, S.L
109/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de telefonía fixa, móbil, acceso a internet, centraliñas virtuais e aluguer de equipo, incluíndo os servizos de conexión con outros centros de traballo deste concello, servizos de firewall (seguridade e antivirus), servidor virtual e resposta rápida de incidencias e avarías prestado pola empresa R Cable y Telecomunicaciones galicia S.A.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

110/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co actividades socioculturais prestado pola empresa Axiña Servicios Deportivos, S.L.
111/2024	05-02-2024	Solicitud de acceso á información formulada por concelleira do grupo municipal de AV
112/2024	05-02-2024	Solicitud de acceso á información formulada por concelleira do grupo municipal do BNG
113/2024	05-02-2024	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2023 número 1/2024 por importe de 600.001,44 euros por ser obrigatoria ao financiarse por importe de 101.688,92 euros con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e por 498.312,52 euros con compromiso de ingreso
114/2024	05-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación cos servizos de escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativas de verán prestado pola empresa Axiña Servicios Deportivos, S.L.
115/2024	05-02-2024	Considerar desistida a EMJ da solicitude de concesión da axuda para gastos derivados da vivenda habitual formalizada, por non aportar a documentación requirida no prazo establecido, e acordar, polo tanto, o arquivo do procedemento
116/2024	05-02-2024	Considerar desistida a EChR da solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar formalizada, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e acordar, polo tanto, o arquivo do procedemento
117/2024	06-02-2024	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 50, letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada ao obxecto de inhumar o cadáver EMR e cuxo cadáver foi inhumado en dito nicho en data día 26 de decembro de 2023. Solicitante: ECM
118/2024	06-02-2024	Declarar a ÁAVC responsable da comisión dunha infracción leve, consistente en chillar ou vociferar perturbando o descanso dos veciños, no piso do edificio sito no da Travesía da Coutelana, sendo as 4:00 horas, do día 22 de febreiro de 2022, tipificada no artigo 28.1 o) da Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, impondo ao infractor unha sanción de multa de 200 euros, de acordo co artigo 29.1 a) da citada norma
119/2024	06-02-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 1/2024 por importe de 149.292,15 euros correspondentes á anualidade 2024
120/2024	06-02-2024	Requirir a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) a devolución de 2.494,75 euros correspondentes á cantidade indebidamente percibida polo pago, polo Concello de Cambre, dúas veces dun anuncio no DOGA
121/2024	06-02-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 120 recibos e 20 cotas cero dun total de 140 persoas usuarias e os importes correspondentes, por un importe total de 14.581,48 euros
122/2024	06-02-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é contratación das pólizas de seguros de "accidentes" e de "responsabilidade civil" esixidas pola Xunta de Galicia para os cursos do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD) 2023-2024. Adxudicar o contrato menor á empresa MARKEL INSURANCE, por un importe máximo de 2.040,00 euros (IVE 0%).
123/2024	06-02-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 119 recibos e 18 cotas cero dun total de 137 persoas usuarias e os importes correspondentes por un importe total de 12.566,26 euros
124/2024	06-02-2024	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 63 letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada por RCC ao obxecto de depositar as cinzas de BNCP e cuxo cadáver foi inhumado en dito nicho en data día 30 de xaneiro de 2024
125/2024	06-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 para o pagamento de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		recibos de auga, por ser a solicitude posterior á data límite de pagamento dos recibos. Solicitante: AEPN
126/2024	07-02-2024	Arquivar o expediente 2020/I002/000001, incoado a DRB e aos herdeiros de ASM pola realización de obras na finca sita en Fontenla, Pravio, consistentes na instalación dunha caldeira sen título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente as obras denunciadas foron demolidas
127/2024	07-02-2024	Arquivar o expediente 2017/I002/000102, incoado a MJFG pola realización de actos consistentes na substitución e reforma da cuberta e fachada dunha vivanda en Pontido, Sigrás, ao terse regularizado os actos denunciados mediante a comunicación previa de obras núm. 2017/U026/211
128/2024	07-02-2024	Delegar no concelleiro don David López Saborido a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de EOAV e JPV
129/2024	07-02-2024	Contratar ao abeiro da Orde do 11 de maio de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a AAP como persoal laboral docente para impartir o curso "Sistemas microinformáticos" (número 2023/005162)
130/2024	07-02-2024	Subscribir o protocolo de adhesión ao servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das Administracións Públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) dirixido desde a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a través da sociedade estatal TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC)
131/2024	07-02-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2019/I002/000019, incoado a SCB, pola realización dun recheo nas parcelas sitas na Pena da Nosa Señora, Cambre, sen título habilitante, habida conta que as deficiencias que deron lugar á incoción do dito expediente foron subsanadas
132/2024	07-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 solicitada, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MMS
133/2024	07-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 solicitada xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: BJCB
134/2024	07-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 solicitada, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MJBM
135/2024	08-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: EFdeO
136/2024	08-02-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, a quen pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FJGA
137/2024	08-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: CJHP
138/2024	08-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada, xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora de dita axuda. Solicitante: ISM
139/2024	09-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de febreiro de 2024
140/2024	08-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
141/2024	08-02-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 2/2024 por importe de 375.180,03 euros, correspondentes á anualidade 2024
142/2024	08-02-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a MdelCPD e JCLP, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 21 de abril de 2022, ao non ter demolido os obrigados a soleira de formigón sobre a que estaba situada a edificación ilegal existente finca sita na rúa Castelao, O Temple dentro do prazo concedido ao efecto, de acordo co disposto polos artigos 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
143/2024	08-02-2024	Declarar a desistencia de FJRG da solicitude de licenza para instalación de terraza fronte ao café-bar situado na rúa Francisco Rodríguez, durante o mes de decembro de 2023 e durante o ano 2024, de conformidade cos artigos 21 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Declarar concluso o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
144/2024	08-02-2024	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a PVB. Motivo da baixa: Traslado definitivo de residencia a outro concello. A data de baixa é: 12/01/2024.
145/2024	09-02-2024	Considerar desistida a AMRB da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 19/11/2020, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
146/2024	09-02-2024	Considerar desistida a DDG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 10/07/2020 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
147/2024	09-02-2024	Considerar desistida a AEC da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/01/2019, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
148/2024	09-02-2024	Considerar desistida a JAPL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 20/08/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
149/2024	09-02-2024	Considerar desistido a FPS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 28 de outubro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
150/2024	09-02-2024	Considerar desistida a DTR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada con data 8 de novembro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
151/2024	09-02-2024	Considerar desistido a LABP da solicitude da tarxeta de estacionamento para



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		persoas con discapacidade, solicitada con data 13 de novembro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
152/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 18/12/2023, xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: MEG
153/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza para o pago de recibo de auga, solicitada con data 24/10/2023, por achegarse a documentación imprescindible para a resolución do expediente posteriormente á data límite de pagamento do recibo. Solicitante: MEG
154/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 02/02/2024 xa que segundo o disposto no artigo 22.1 non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora, dado que o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: DJL
155/2024	09-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. SolicitanteL DFGB
156/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 5/02/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, dado que o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JMLM
157/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 18/1/2024 xa que segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza reguladora, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: RFE
158/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 22/12/2023 xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: ND,A
159/2024	08-02-2024	Designar aos catro axentes da policía local (JFRR, VMB, MJLE e JRFP) para que colaboren na cobertura dos colexios electorais, durante toda a xornada electoral do día 18 de febreiro de 2024
160/2024	09-02-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar os herdeiros de LFP na finca sita na rúa Balado, Cambre, consistentes na construción dunha vivenda sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade das obras e o uso proxectado co ordenamento urbanístico vixente
161/2024	09-02-2024	Considerar desistida a MEPG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 27/01/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
162/2024	09-02-2024	Considerar desistido a MGC da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		con data 25/03/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
163/2024	09-02-2024	Considerar desistida a MCGR da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 03/06/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
164/2024	09-02-2024	Considerar desistida a PCS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/07/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
165/2024	09-02-2024	Aceptar as bases da convocatoria da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e os compromisos que nela se inclúen, segundo o disposto na Orde do 18 de decembro de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024). e solicitar a subvención á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
166/2024	09-02-2024	Aceptar as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, establecidas na Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia unha subvención para os seguintes programas: - Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico -e Programa B. Subvencións para a mellora das colección bibliográficas
167/2024	12-02-2024	Comparecer no procedemento interposición de recurso contencioso administrativo de FMFM contra a resolución núm. 1615/2023, ditada polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos o día 4 de outubro de 2023 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
168/2024	12-02-2024	Comparecer no procedemento interposición de recurso contencioso administrativo de MFM contra a resolución núm. 1613/2023 ditada polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 4 de outubro de 2023 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
169/2024	12-02-2024	Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre para o ano 2023 constituída polas seguintes prazas: Policía local 1 e Axente de protección civil 1
170/2024	14-02-2024	Desestimar as alegacións presentadas por LMCG e MRP. Ordenar que reparen o muro de contención de pedra existente na finca sita en Eira de Arriba, Cambre, que se derrubou cara o camiño municipal en vista do perigo de que o mesmo sega derrubándose, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
171/2024	14-02-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto do contrato é o servizo de limpeza nos colexios electorais que son centros de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		ensinanza para as próximas eleccións autonómicas a celebrar o vindeiro 18.02.2024, por importe de 361,69 euros
172/2024	15-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
173/2024	15-02-2024	Solicitar a subvención para a contratación dun técnico/a de orientación laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia (S.P.E.G.), ao abeiro do disposto na Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (DOG nº 13 do 18/01/2024) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2024, coa finalidade de mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia
174/2024	15-02-2024	Corrixir o erro detectado no apartado segundo da parte resolutive da Resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación número 30/2024, do 5 de febreiro, e excluír da relación de solicitudes admitidas para a segunda quenda (do 2 ao 5 de xaneiro de 2024) á solicitante IVH, ao non ter solicitado a súa inclusión na dita quenda:
175/2024	16-02-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xaneiro de 2024 por importe de 62.843,63 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 62.843,63 euros
176/2024	16-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: PADL
177/2024	16-02-2024	Considerar desistida a FPR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 22/09/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
178/2024	16-02-2024	Considerar desistida a MdelCPRB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 11/09/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
179/2024	16-02-2024	Considerar desistida a MALC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 23/11/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
180/2024	16-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de febreiro de 2024
181/2024	16-02-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é o contrato de servizos consistente na actuación a cargo de Asociación Cultural Agrupación Musical Santa Compañía de "De festa polos camiños" que terá lugar o 18 de febreiro de 2024 ás 12:30h no Campo da Feira. Adxudicar o contrato menor a Asociación Cultural Agrupación Musical Santa Compañía, por importe de 850,00 € (exento IVE)
182/2024	16-02-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor, cuxo obxecto é o contrato de servizos consistente na actuación a cargo da Asociación Recreativa e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Cultural Malandros Escola de Samba de "Batucada e Samba Enredo" que terá lugar o 17 de febreiro de 2024, ás 16:30 h, no Campo da Feira. Adxudicar o contrato menor a Asociación Recreativa e Cultural Malandros Escola de Samba, por importe de 925,62 € (IVE excluído), 1.120,00 € (IVE incluído)
183/2024	16-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de catro postes de fibra co fin de desenvolver a rede pública de comunicacións electrónicas no lugar de Quintán, parroquia de Cecebre. Solicitante: TdeE, SAU
184/2024	16-02-2024	Designar como membros do xurado do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2024, ao abeiro do disposto na base 8, apartado 1, das bases de referencia
185/2024	19-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22 de febreiro de 2024
186/2024	19-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: NSCS
187/2024	19-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a execución de dúas calas de 1 m ² cada unha na rúa Francisco Añón, parroquia de Cambre, para o mantemento da rede de gas canalizado, segundo a documentación que se achega, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na declaración responsable presentada en Augas de Galicia o día 20 de xuño de 2023. Solicitante: GNR GLP, S.A.
188/2024	19-02-2024	Aprobar o modelo de convenio de colaboración a asinar coas entidades sen ánimo de lucro e prestadoras de servizos á dependencia e educativos da familia profesional da especialidade formativa "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade" postos en marcha no obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO SanitarioEducativo", aprobado ao Concello de Cambre pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e enmarcado dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2023
189/2024	19-02-2024	Corrixir o erro detectado no apartado primeiro da parte resolutiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación núm. 1488/2023, do 13 de setembro, na que se aproba a relación de altas e baixas de usuarios para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde no 2023 no mes de setembro
190/2024	19-02-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución dun poste e dúas riostras no lugar de Xan Faba, parroquia de Sigrás, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas. Solicitante: TdeE, SAU
191/2024	20-02-2024	Autorizar a LMTB titular da licenza de taxi número 24, a substituír o vehículo co que presta servizo por outro de nova adquisición
192/2024	19-02-2024	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Cultura don David López Saborido do día 21 de febreiro ao 1 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos
193/2024	20-02-2024	Aceptar as renuncias aos nomeamentos de instrutora e secretario, respectivamente, do expediente disciplinario incoado ao funcionario desta corporación, JABC, por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 854/2023, de data 12 de maio. Nomear instrutor do expediente disciplinario e nomear secretario



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

194/2024	21-02-2024	Aprobar a relación de candidatos/as para nomeamentos de enxeñeiros/as técnicos/as de obra pública interinos/as coa puntuación acadada, ordenada de maior a menor, para poder ser utilizada segundo se establece na base décima das que rexen esta convocatoria
195/2024	21-02-2024	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración Xeral interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
196/2024	20-02-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 1/2024 por un importe de 13.750,00 euro
197/2024	21-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
198/2024	21-02-2024	Conceder a a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 16 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia Cambre. Solicitante: UFD, DE, SA,
199/2024	22-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: OCEA
200/2024	22-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: MYCP
201/2024	22-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES (servizo de alugueiro, mantemento de fotocopiadoras, copias e resposta rápida de incidencias e avarías nas seguintes instalación: Concello. Registro; Concello. Policía local.; Concello. Desenvolvemento Local; Concello. Obras y servizos; Concello. Intervención; Concello. Medio Ambiente; Concello. Secretaría; A Barcala. Servizos Sociais (entrada); A Barcala. Servizos Sociais (pasillo); A Barcala. Cultura (pasillo); Temple. Biblioteca Templarios; Cambre. Omix; Cambre. Biblioteca Central) prestado pola empresa ESTURION GALICIA, S.L.
202/2024	22-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co servizo de SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES (servizo de alugueiro, mantemento de fotocopiadoras, copias e resposta rápida de incidencias e avarías nas seguintes instalacións: Concello. Secretaría pasillo1ª Planta; Concello. Urbanismo; Concello. Contratación; Concello. Alcaldía; Centro Formación Espiritu Santo; A Barcala. Biblioteca Xabier Docampo; A Barcala. Deportes; A Barcala. Cultura; A Barcala. Grupos Municipais; Temple. Edif.Servizos Múltiples) prestado pola empresa COPI FAX, S.L.
203/2024	22-02-2024	Incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co SERVICIO DE XESTION SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		AUGASERVI, SL
204/2024	23-02-2024	Imponer a JDM unha multa coercitiva polo importe de mil euros (1.000 €), polo incumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 11 de xuño de 2021 que declarou o estado de ruína da edificación sita en O Corgo, Brexo. Requirimento de pago e concesión de audiencia polo prazo de 15 días para alegacións e presentación de documentos e xustificacións que estimen pertinentes.
205/2024	23-02-2024	Convocar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes 27 de febreiro de 2024, ás 9.00 horas
206/2024	23-02-2024	Suspender o procedemento de outorgamento da licenza núm. 2021/U022/000079 tramitado a instancia de MJVS para a ampliación de oficina de farmacia e aparcadoiro no lugar de Volteiro, parroquia de Cecebre, por superar esta ampliación o 10% da superficie xa construída que como máximo se podería ampliar, límite esixido polo artigo 98-2 da normativa urbanística do PXOM aprobado inicialmente o 01/12/2022 (DOGA nº 13 de data 19/01/2023) para o solo rústico de especial protección de infraestruturas no que se clasifica por este instrumento de planeamento a parcela na que se pretende levar a cabo tal ampliación de edificación, de conformidade co artigo 47-2 da lei 2/2016 do solo de Galicia que determina a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas coa aprobación inicial dun instrumento de planeamento urbanístico no caso no que as novas determinacións deste planeamento supoñan modificación da ordenación urbanística vixente.
207/2024	23-02-2024	Arquivar o expediente número 2022/I002/000054, incoado a NVR como responsable da obra e da actividade denunciadas e a MJAC como propietaria do local, pola instalación de 3 máquinas de vending en rúa Pablo Manzano, Cambre, xa que tal e como queda acreditado no expediente non existe vestixio desta actividade de vending no dito local.
208/2024	23-02-2024	Arquivar o expediente número 2022/I002/000030, incoado a ACSL, pola ocupación da vía pública fronte ao edificio sito en rúa Constitución, O Temple, con estadas e valos sen título habilitante, xa que como queda acreditado no expediente os citados elementos foron retirados da vía pública.
209/2024	23-02-2024	Requirir a AAMSA que regularice as obras denunciadas, debendo para isto presentar a oportuna comunicación previa para a instalación provisional do cartel existente na parcela sita en Pumar Méndez Cambre debendo achegar a documentación prevista no anexo 6 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, xunto co compromiso de retirar o cartel cando sexa requirido polo Concello sen dereito a indemnización algunha, ao estar a parcela clasificada como solo urbano non consolidado e admitir unicamente usos provisionais. Conceder aos interesados un prazo de 3 meses para levalo a cabo
210/2024	23-02-2024	Instruído o expediente de orde de execución incoado a CISL polo arrastre de pedras e terras sobre o camiño municipal número 1C.1.0105, provenintes da finca sita en Espírito Santo- Cecebre, desestimar as alegacións presentadas por SCR en representación de CISL e ordenar que proceda a formigar ou asfaltar provisionalmente unha banda de 5 m de longo no camiño privado ata o camiño municipal número C.1.0105, en Espírito Santo – Cecebre, para o cal deberá presentar a oportuna comunicación previa
211/2024	23-02-2024	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos ao concurso-oposición convocado para a selección dun/ha aparellador/a
212/2024	23-02-2024	Aprobación de facturas de INGADE CONNECT, S.L. por importe de 1.452,00 euros
213/2024	23-02-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato do “Servizo de asesoramento en materia do ciclo integral da auga”

		(expediente TEDeC núm. 2020/C004/000028) e acordo de prórroga un ano máis, ata o día 25.02.2025, do contrato, quedando condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente para as mensualidades a imputar ao exercicio 2025 á efectiva consignación orzamentaria no exercicio correspondente.
--	--	---

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de xaneiro de 2024
<p>Adxudicación do contrato menor correspondente ao <i>Servizo de recuperación, impresión e montaxe de paneis para a exposición fotográfica itinerante Cambre Onte, Hoxe e Sempre</i>, á empresa Ovejero Sequeiro, S.L., no prezo ofertado de 5.826,43 € sen IVE, 7.049,98 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.</p>
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2024
<p>Proposta relativa ao cambio de designación de responsable de contrato: Designar responsable do contrato da obra de <i>Reordenación del entorno del parque infantil de la C/ Francisco Rodríguez</i> ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe de sección de obras e servizos, Óscar Souto Muiño, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.</p> <p>Proposta relativa ao cambio de designación de responsable de contrato: Designar responsable do contrato do <i>Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre</i> ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe de sección de obras e servizos, Óscar Souto Muiño, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.</p> <p>Proposta relativa á non división en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024</p>
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2024
<p>Acordo de prórroga por un ano, ata o 11 de marzo de 2024, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas S.A.U.", para a execución do "Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre" (expediente 2020/C004/000013); isto, de conformidade co establecido na cláusula IV do contrato e cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.</p> <p>Adxudicación do servizo de "Producción do entroido pequeno en Cambre 2024" ao único licitador que presentou oferta, José Luis Torrado Rodríguez, no prezo ofertado de 24.198 euros sen IVE (29.279,58 euros IVE incluído).</p> <p>Aprobación do expediente para a contratación da «Subministración de equipos de protección individualizada (EPI's) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2023-2024 e do Taller de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo" 2023-2024», mediante o procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP cun único criterio de adxudicación, factor prezo cun valor estimado de 14.300,00 euros e cun orzamento base de licitación de</p>

17.303,00 euros (IVE incluído).

Aprobación do expediente para a contratación da subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento do taller de emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo 2023-2024 e dos cursos do PLAN FORMATIVO PARA EL EMPLEO (AFD) 2023-2024, mediante o procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, cun valor estimado de 14.214,00 euros e cun orzamento base de licitación de 17.198,94 euros (IVE incluído).

Aprobación do expediente para a contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD 2023-2024), mediante o procedemento aberto simplificado do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, cun valor estimado de 90.458,50 euros e cun orzamento base de licitación de 109.454,78 euros (IVE incluído).

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de febreiro de 2024

Adxudicación do contrato baseado para a contratación do seguro de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal, ao resultar a proposta economicamente máis vantaxosa á empresa AIG EUROPE INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA, adxudicataria do Lote 8 do acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP, cunha prima total ofertada de 13.116,89 euros, un límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro ofertado de 14.000.000,00 euros, unha redución na prima mínima de emisión de 180 euros, e a inclusión das seguintes coberturas complementarias exclusivamente para o colectivo integrado no cadro de persoal do Concello de Cambre:

- No caso de incapacidade permanente absoluta e cun límite de 2.500,00 € por asegurado, cobertura para os gastos de cadeira de rodas, ou similar, adaptada ás necesidades do asegurado. Entendendo como similar calquera instrumento que o asegurado necesite para o desenvolvemento da súa vida cotiá, tales como unha bañeira ou unha cama adaptada ás súas necesidades
- No caso de grande invalidez, cobertura dos gastos de adaptación da vivenda habitual ata un máximo de 12.000,00 €
- No caso de incapacidade permanente absoluta e cun límite de 2.500,00 € por asegurado, cubrir os gastos de adaptación do vehículo ou similar
- Garantía dobre efecto: Capital adicional de 12.000,00 € en caso de falecemento do asegurado e do seu cónxuxe, a consecuencia dun mesmo accidente, sempre e cando houbese fillos menores de 18 anos ao seu cargo no momento do falecemento

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:23:51 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900001147 o día 26 de febreiro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:24:40 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández:

“A teor da noticia publicada no apartado da área metropolitana da Voz de Galicia do día 24 de febreiro de 2024, dende o Partido Popular rogamos que o señor alcalde impulse e supervise a resposta dos centros xestores das áreas do concello aos requirimentos de información efectuados pola intervención municipal.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo. Intervén a Sra. Piñeiro Fernández e o Sr. alcalde.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:39:54 horas

Comeza a lectura do rogo a Sra. Espiñeira Galán.

Intervén o Sr. alcalde para pedirlle que dea lectura literal ao rogo presentado.

Finalmente a Sra. Espiñeira Galán retira o rogo e di que o volverán a presentar.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:43:16 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez:

“Ante a falta de información sobre a situación do expediente de paralización da instalación da antena de telefonía en Anceis, dende o Partido Popular solicitamos que o goberno local aclare se se paraliza definitivamente a súa instalación, ou se realizou as xestións necesarias coa empresa para trasladala a outra localización.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen o Sr. alcalde, o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900001142 o día 26 de febreiro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:13:40 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes:

“Á vista da paralización sobre o incremento da rede de saneamento, sen que se cubra á veciñanza dun servizo básico, e despois de que se leve tratado o asunto en diferentes comisións e plenos sen que teñamos coñecemento dos proxectos.

Para unha transparencia e colaboración de toda a Corporación,

Rogamos:

Que se nos dea traslado mediante memoria e planimetría para ver os avances que teñen previstos.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:29:20 horas

Non se dá lectura a este rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:29:34 horas

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

“En virtude do falado nas pasadas comisións informativas sobre a instalación dun tanatorio-crematorio nas inmediacións do cemiterio municipal de Cambre rogamos que nos faciliten o estudo de dispersión de contaminantes das emisións esperadas no forno crematorio e o informe da Consellería de Sanidade sobre este.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén o Sr. Cubeiro Fernández.

ROGOS DE AV PRESENTADOS ORALMENTE

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900001146 o día 26 de febreiro de 2024, xunto coa pregunta presentada para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:33:11 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Volvemos a insistir en rogar unha comisión de seguimento para a crise municipal que estamos a vivir, na que tanto funcionarios como Corporación teñamos un espazo para a transparencia e o intercambio de ideas sobre o conflito para intentar entre todos desbloquear a situación.”

A Sra. Pan Lesta contesta o rogo. Interveñen o Sr. Varela Fraguío e o Sr. alcalde.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:18 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Rogamos as actuacións necesarias no parque/lavadoiro da Pitona xa que como poden verse nas fotos adxuntas.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén o Sr. Varela Fraguío.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:55 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Rogamos un compromiso dende o Goberno en retomar ou innovar algún dos programas de saídas culturais/deportivas que había para a mocidade, que nos facían ser referente na comarca.”

A Sra. Rodríguez López contesta o rogo. Intervén o Sr. Varela Fraguío.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:50:30 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900001147 o día 26 de febreiro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:50:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán:

“Ante a falta de resolución nas solicitudes aceptadas polo Goberno de Cambre, o Grupo Popular preguntalle que diferenza real hai para vostedes entre unha solicitude aceptada e non aceptada, tendo en conta que aceptar e non cumprir castra calquera iniciativa política.”

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:51:28 horas

Lee a pregunta a Sra. Piñeiro Fernández:

“Ante a falta tan preocupante de persoal que padece este concello dende o Partido Popular preguntamos: Por que non hai unha previsión por parte do Goberno Local para cubrir con carácter urxente estas prazas, mediante unha lisa de interinos a través do sistema concursal, como así fan noutras administracións evitando que queden baleiras durante tanto tempo as xa existentes?”

A Sra. Pan Lesta contesta a pregunta. Intervén o Sr. alcalde.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:56:15 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán:

“Despois de que os nenos e nenas leven esperando xa catro meses e de que non haxa acordo co seguro para facerse cargo da reparación. Cando e como teñen pensado arranxar a pista deportiva do paseo marítimo do Temple?”

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900001142 o día 26 de febreiro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:57:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes:

“Respecto da axuda a domicilio dunha nai dun usuario, que xa trouxemos máis veces a este pleno, sinalar:

Que a empresa segue a incumplir as obrigas en canto a horarios e persoal.

Que a nai do usuario acudiu ás oficinas do concello diante da emerxencia, e a cita previa que lle deron o día 19 deste mes foi para: o 12 de marzo!

Todo isto foi trasladado aos servizos centrais da Xunta, que está levando a cabo unha investigación dos feitos, tal e como lle trasladaron á interesada.

Dende o BNG estamos non alarmadas, senón indignadas diante da inhumanidade non só deste caso, senón doutros similares.

É imprescindible dar un trato xusto e sensible con persoas vulnerables, as máis das veces maiores, que non teñen as ferramentas suficientes.

Dar conta tamén, que as cuidadoras están a sufrir danos emocionais que poñen en risco o seu sistema familiar.

Como pensa dar solución integral este Goberno, nomeadamente a concelleira responsable?"

A Sra. Prieto Lamas contesta a pregunta.

2ª e 3ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:02:26 horas

Lee as preguntas o Sr. Brais Cubeiro:

«O 26 de outubro de 2022 saía publicada a seguinte noticia en prensa: “O Estado outorga unha axuda de 1,6 millóns a Cambre para o pavillón dos Campóns”. Nesta mesma nova tamén se expoñía que as obras debían estar rematadas e recepcionadas “sen observacións nin reparos” como prazo máximo o 30 de setembro de 2024. Polo tanto preguntamos:

- Hai unha data para o comezo das obras?
- En caso de non realizarse as obras, cal sería o custo para o concello de ter que devolver esta axuda?»

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTA DE AV PRESENTADA POR ESCRITO E PREGUNTA ORAL

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:03:10 horas

Rexistrada de entrada ao núm. 202499900001146 o día 26 de febreiro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío:

“Que pasos están dando ou van dar para que non se repitan as imaxes que todos vimos de bolsas de lixo sen recoller nos centros de saúde?”

A Sra. Parceró Quiñoy contesta a pregunta. Intervén o Sr. alcalde.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:04:36 horas

O Sr. Varela Fraguío formula a seguinte pregunta:

Xa que antes saíu o tema da antena de Anceis, gustaríalles saber en que momento, en que punto se incluíra, o que se tiña falado de incluír no Plan xeral, o apartado de zonas de especial protección, ou onde poñer as antenas ou algo así.



O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás trece horas e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo